



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 23 DE DECEMBRO DO 2020.**

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e tres de decembro do dous mil vinte, os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas as actas da Xunta de Goberno Local das sesións ordinarias celebradas nas datas 10/12/2020 e 17/12/2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 17/12/2020 **“Decreto: Requirimento para a presentación de documentación como requisito previo para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto “Pavimentación e reordenación do parque infantil do colexio de Artes””**.





2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 18/12/2020 **“Decreto: Anulación do expediente de contratación para a prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Ribeira”**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 21/12/2020 **“Decreto: Aprobación do expediente de contratación das obras do “Complementario do proxecto de renovación da liña de saneamento e reposición dos pavimentos da Rúa Delicias e da Rúa Dunas (Corrubedo)”**”.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – EVA MARÍA GONZÁLEZ GUTIÉRREZ.

Visto o escrito presentado por **Eva María González Gutiérrez**, de data 21/12/2020 (Rexistro de entrada nº 17.392), no que solicita autorización para a instalación de un posto de venda de churros (4 x 2 m.), desde o 21/12/2020 ata o 31/01/2021, en rúa peonil de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Eva María González Gutiérrez** para a instalación de un posto de venda de churros (4 x 2 m.), desde o 21/12/2020 ata o 31/01/2021, en rúa peonil de Ribeira.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta dos citados postos de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

APROBACIÓN DA LISTAXE DE SOLICITUDES PARA A DEVOLUCIÓN PROPORCIONAL DO PREZO PÚBLICO DOS BONOS DA MOSTRA DE TEATRO 2020

VISTO o informe con proposta de resolución emitido pola Concelleira de Cultura. María José Sampedro Fernández, de data 14/12/2020, na que sinala:

"INFORME-PROPOSTA Á XGL DA LISTAXE DE SOLICITUDES PARA A DEVOLUCIÓN PROPORCIONAL DO PREZO PÚBLICO DOS BONOS DA MOSTRA DE TEATRO 2020.

María José Sampedro Fernández, Concelleira de Cultura de Ribeira





EXPÓN

1. A XGL en data 29/10/2020 aprobou autorizar a devolución da parte proporcional do prezo público dos bonos adquiridos para a Mostra de Teatro 2020.
2. O prezo público unitario de cada bono aprobado en sesión de XGL do 10/09/2020 foi de 25,00 € para a totalidade da programación da Mostra composta de dez espectáculos, resultando un prezo de 2,5 € por función; tendo en conta que se celebraron con normalidade os espectáculos do 09/10/2020 e do 16/10/2020 resulta deducir 5 € a cada bono, polo que a devolución sería de 20,00 € por bono. A devolución poderá facerse no período do 2 ao 30 de novembro do presente, previa solicitude e presentación dun certificado IBAN da conta bancaria do interesado para realizar o abono por transferencia así como do xustificante da liquidación do prezo público polo adquisición do/dos bono/os que se entregou no momento da compra na OAC.
3. Os técnicos do departamento de Cultura receptionaron todas as solicitudes de devolución realizadas polas persoas que adquiriran os bonos de teatro, verificando e comprobando a documentación que presentaron tanto de xeito presencial nas oficinas do Centro Cultural Lustres Rivas como de forma telemática a través do correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal.
4. Ao remate do prazo establecido para realizar a solicitude de devolución rexistráronse un total de 60 solicitudes, que corresponden a un total de 177 bonos, segundo consta na táboa anexa a este informe-proposta.

Á vista do exposto anteriormente:

- Proponse á XGL a aprobación e autorización para proceder á devolución do prezo público proporcional a cada BONO da mostra de teatro 2020, correspondente en 20,00€/bono, para os solicitantes indicados na táboa anexa."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a devolución do prezo público proporcional a cada BONO da mostra de teatro 2020, correspondente en 20,00€/bono, para os solicitantes indicados na táboa anexa á citada proposta de resolución.

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 21/12/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino "IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso", relativo ao mes de outubro 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/12/2020.





Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de outubro 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 300,60 € (con cargo á partida 323 472.00).

2.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 17/12/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de setembro 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de setembro 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 338,75 € (con cargo á partida 323 472.00).

3.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de





data 17/12/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de outubro 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de outubro 2020; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.080,00 € (con cargo á partida 323 472.00).

4.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA LAJAREU POR BARLOVENTO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitida polo Concelleira Delegada de Deportes, Juana María Brión Santamaría, e o Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 17/12/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Deportiva Lajareu por Barlovento para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Deportiva Lajareu por Barlovento para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos, resultando o seu importe: 1.214,36 €.





**5.- ACHEGA CONCEDIDA AO CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA
(APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).**

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitida polo Concelleira Delegada de Deportes, Juana María Brión Santamaría, e o Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 17/12/2020, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos, resultando o seu importe: 2.500,00 €.

A Presidencia levanta a sesión sendo as nove horas e cincuenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

